



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA E UN DE MAIO DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
(Escusa asistencia)	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
	D ^a , MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día trinta de maio de dous mil dezaioito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

A Presidencia solicita un minuto de silencio polo falecemento de don Carlos Julio Sanmartín Carrera, tesoureiro do concello de Vedra.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede da acta da sesión anterior (25/04/2018).

Dáse conta da acta do pleno celebrado o 25/04/2018 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, do II Plan de Igualdade de oportunidades, dereitos e deberes de mulleres e homes do concello de Vedra 2018-2022.

Dáse conta do informe da comisión informativa de Asuntos Xerais do 28/05/2018 do II Plan de Igualdade de oportunidades, dereitos e deberes de mulleres e homes do Concello de Vedra 2018-2022.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE expón que votará a favor, xa que supón un progreso.

Dona Margarita Devesa do PP expón que é un plan adaptado a este concello e que contempla necesidades prioritarias.

Pola súa parte o Sr. Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que houbo un desprezo absoluto ás achegas dos grupos e que falta á verdade en canto á prórroga do plan anterior, botado en falta a valoración do citado plan anterior, e que este se aproba un ano despois de que houbese solicitado a intervención da Valedora do Pobo para que se aprobara un plan, pasados cinco anos da vixencia do anterior. Malia o anterior votará a favor.



A Presidencia quere felicitar aos concelleiros e técnicos municipais que interviñeron na redacción deste plan. Di que é un plan baseado en catro fases do 2018 ao 2022. A primeira de sensibilización e concienciación, a segunda de transversalidade e empoderamento, a terceira de intervención estratéxica e a cuarta de intervención avanzada. O Plan contempla sete áreas: de acción local, área de cultura e educación, de medios de comunicación, lecer e deporte; área de formación, emprego e economía; área de servizos sociais, familia, conciliación, prevención e eliminación da violencia e inclusión social; área de participación, cooperación e asociacionismo, área de promoción da saúde, benestar e calidade de vida; e por último, área de medio ambiente e urbanismo.

Todo o Plan xa se desenvolve en medidas concretas e definidas ao longo de todo o documento.

Na semana que vén, se no pleno é aprobado, crearanse xa as comisións, tanto a técnica-asesora como a asesora permanente.

Solicita o voto a favor do citado Plan.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE anuncia o voto a favor do seu grupo, ao mesmo tempo que quere felicitar á técnica que traballou na redacción do plan, aínda que cre que vén tarde. Están nun momento no que o movemento feminista é forte e as mulleres queren reclamar unha igualdade de oportunidades, dereitos e deberes para acadar unha sociedade mellor para todos e todas.

Coa posta en marcha do Plan irase vendo os posibles fallos que poida ter e os complementos que se lle poidan engadir. Espera a máxima implicación de todos e todas e que ao final do mesmo se poida dicir que xa non se ve tanto machismo e que se acadaron obxectivos concretos.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que a Presidencia na súa intervención estragou unha oportunidade magnífica para evitar deixar en evidencia aos concelleiros aos que citou.

Se o plan foi a este pleno é grazas á mediación, insistencia e reiteración da Valedora do Pobo. Xa manifestou na comisión informativa que a falta á verdade deste plan comeza no seu limiar en canto que herdaron un plan de igualdade que tiña vixencia ata o 2013 e con cinco anos de atraso apróbase o segundo.

Hai un ano solicitou a mediación da Valedora do Pobo ante a reiterada negativa da Presidencia e o concelleiro Sr. Lema Mougán e a concelleira dona Margarita Devesa.

Así mesmo, manifesta que lle parece insultante a falta de consideración absoluta das achegas feitas pola oposición ao Plan. Por urxencia, necesidade e porque non se pode seguir sen facer nada ao respecto, vai votar a favor e solicita que o executen.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que votará a favor.

A Presidencia agradece as verbas do PSdeG-PSOE, e non comparte as do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, así como o voto a favor.

Posto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes o citado Plan.

Faise un recesso na sesión plenaria, iniciándose de novo dez minutos máis tarde, ás 21:30 horas, co fin de escoitar a membros da Plataforma veciñal mina Touro-O Pino Non.



3º.- Aprobación, se procede, da moción de apoio á manifestación “Non Queremos unha Herdanza Envenenada”, contra a mina de Touro- O Pino, convocada pola Plataforma Veciñal Mina Touro- O Pino NON.

Declárase a urxencia deste punto para incluílo na orde do día do Pleno que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da citada moción presentada polo concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde, na que expón que o 25 de agosto de 2017 presentouse á información pública o proxecto de explotación mineira de cobre San Rafael nº 2496, sita nos Concellos de Touro e O Pino, formulando o noso concello, en virtude de acordo adoptado en pleno por unanimidade, alegacións ao proxecto, e solicitándolle á Xunta de Galicia que se considerase ao noso concello como axente afectado. Ademais no mesmo pleno tamén se acordou por unanimidade:

1.- Instar ás Consellerías do Mar e de Economía, Emprego e Industria, que se desestime a autorización administrativa á actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael nº 2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosas Concellos

2º.- Instar á Xunta de Galicia para que se promova unha completa restauración da antiga explotación mineira

Dende que Vedra presentou as alegacións as información que transcenderon relativas aos terreos mineiros e aos promotores do proxecto de reapertura son de todo menos tranquilizadoras, mentres tanto membros do goberno da Xunta de Galicia no Pleno do Parlamento, en Comisións e en prensa aducen reiteradamente ao cumprimento da legalidade.

O concello de Vedra debe seguir o sentido común e manter a coherencia e exercer as accións necesarias para que non se autorice este proxecto, apoiando e participando das actuacións, actividades e manifestacións veciñais concordantes coa defensa do noso medio ambiente e cos acordos plenarios que ten adoptado ao respecto

Polo que propón a adopción do seguinte acordo:

O concello de Vedra apoia a manifestación convocada pola Plataforma Veciñal Mina Touro-O Pino-NON e a Plataforma para a Defensa da Ría de Arousa e Compostela o día 10 de xuño de 2018, baixo o lema NON QUEREMOS UNHA HERDANZA ENVELENADA.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito agradece a presenza e as achegas da Plataforma Veciñal Mina Touro-O Pino-NON.

Sinal que Vedra foi un dos primeiros concellos, situado fóra do proxecto, que se pronunciou sobre este tema. Ao abeiro dun acordo aprobado por unanimidade en pleno o concello de Vedra formulou alegacións ao proxecto:

1.-Instar ás Consellerías do Mar e de Economía, Emprego e Industria que se desestime a autorización administrativa á actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, nº



2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos.

2.- Instar á Xunta de Galicia para que se promova unha completa restauración da antiga explotación mineira.

O Concello de Vedra, consonte ao principio de cautela debe seguir o sentido común e manter a coherencia e exercer as accións necesarias para que non se autorice este proxecto.

En consecuencia o concello de Vedra debe apoiar e participar das actuacións, actividades e manifestacións veciñais concordantes coa defensa do noso medio ambiente e cos acordos plenarios que temos adoptado ao respecto.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro adscrito, di que o traballo do concello non debe rematar neste pleno nin con esta manifestación. Entende que a importancia e valor que ten o Ulla para Vedra, e dado que este proxecto ameaza seriamente o Ulla, cre que Vedra ten que ir máis alá, partindo dos puntos aprobados por unanimidade en pleno. Ten que insistir á Xunta de Galicia á que se proceda á restauración completa da antiga explotación mineira.

Segundo transcendeu aos medios, o colectivo “Aldea Viva” ten probado que se efectuaron actividades nos últimos seis anos nos terreos desa explotación mineira, que están a provocar danos na rede hidrográfica do Ulla e polo que se instou un expediente de responsabilidade medio ambiental.

Isto afecta directamente a Vedra, e teñen que aprobar, promover e instar accións para que iso non se produza. Este proxecto ou outro proxecto de minería metálica acaba no río Ulla e Vedra debe opoñerse a calquera proxecto de minería metálica na bacía do Ulla.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que aproveitando que está presente a Plataforma Veciñal Mina Touro-O Pino-NON, sentiría un especial orgullo como concelleiro deste pleno se mañá estivera colgada a pancarta na fachada da casa do concello.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE manifesta que están de acordo con todo e queren as máximas garantía para a súa contorna e á vista está que están incumprindo os requisitos que deberían ter feito dende un principio. Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén a Presidencia para dicir que votarán a favor.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes a citada moción.

4º.- Aprobación, se procede, do Plan de prevención de incendios 2018.

Acórdase deixar este punto da orde do día para o seguinte pleno.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción presentada por don Roberto Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, para a implementación de medidas de prevención de defensa contra os incendios e conservación do territorio.



Dáse conta da citada moción na que don Roberto Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, expón que hai xa once anos da aprobación da Lei 3/2007, de Prevención e defensa contra os incendios forestais e adoptar os seguintes acordos:

1º.- Instar ao Concello de Vedra e á Xunta de Galicia a retirar o folleto “Campanha de Defensa contra Incendios: Distancias de plantacións e Xestión de biomasa”, e publicidade ao respecto do mesmo.

2º.- Instar ao Goberno de Vedra a acometer as modificacións normativas necesarias de tal xeito que as novas plantacións do eucalipto e de cultivos forestais enerxéticos só estean permitidos no Solo Rústico de Protección Forestal e Solo Rústico de Protección Ordinaria.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, manifesta que hai xa once anos da aprobación da Lei 3/2007 de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais.

Vai facer doce anos da terrible vaga de lumes do ano 2006, no que arderon 77.000 hectáreas e con perda de vidas humanas.

Dende o ano 2009 até o 2017 o goberno do PP de Feijoo dedicouse a facer nada, a aplicar o “ti vai facendo” e o desleixo tanto no cumprimento da Lei 3/2007 coma na Lei 7/2012 de Montes, tanto no relativo á ordenación e regulación das plantacións forestais coma nas medidas de prevención e defensa contra o lume.

Así, chégase ao ano 2017 cun incremento exponencial da superficie arborada de especies pirofóricas e altamente combustibles, maior avellentamento e perda de poboación no rural e máis abandono de terras agrarias. Nese ano arderon 50.000 hectáreas e catro persoas falecidas en só unha fin de semana. A resposta do señor Feijoo non se fixo agardar: A Xunta paga 77.000 euros aos medios de comunicación para sacar unha declaración institucional de Feijoo para ocultar a realidade e volvendo a falar de “terrorismo incendiario” e “tramas organizadas que prenden lumes”; ladaíñas ás que saíría ao paso desmentíndoas a propia Fiscalía de Medio Ambiente.

Así as cousas, o goberno do PP de Feijoo comparecería cun simulacro de “Pacto de Estado” con trinta medidas das que máis da metade xa están vixentes e que recoñece que non cumpren.

O concello de Vedra ten actualmente publicado na web o seguinte folleto da Xunta de Galicia: “Campanha de Defensa contra Incendios: Distancias de plantacións e Xestión de biomasa”.

Dito folleto e a publicidade que está a facer a Xunta de Galicia ao respecto está a ter unha interpretación desaxustada á Lei (Lei 3/2007 e Lei 7/2012) e de consecuencias moi negativas; tanto é así, que se están a efectuar prácticas silvícolas contrarias á propia prevención de incendios, como cortas de masas e aliñacións á beira de estradas (auténticos cintos verdes) de frondosas autóctonas.

A aplicación literal do referido folleto non permitiría a creación de cortalumes verdes; incluso, tampouco permitiría a reposición de especies de ribeira no seu hábitat natural. Incompetencia maiúscula da Xunta e de quen segue o seu mandado sen maior análise.

A corta de bosquetes e aliñacións de frondosas caducifolias vai provocar un incremento do mato máis facilmente combustible, maior temperatura do solo e perda de humidade do solo e da vexetación e maior velocidade do vento; é dicir, certas prácticas “aconselladas” pola Xunta e o concello de Vedra, están a crear aínda mellores condicións para a propagación do lume; por non falar da perda de hábitats e valores patrimoniais.



A corta das masas de especies arbóreas máis facilmente combustibles (eucaliptos, piñeiros, acacias) nas faixas de protección debería ir acompañada de prácticas que facilitasen o control do mato ou usos que fornezan un rédito ao propietario (implantación de frondosas autóctonas, froiteiras, cultivos agrícolas ou pastos, etcétera). As Administracións teñen que favorecer e axudar a estas prácticas. A simple roza, sen máis, da superficie sen arborado resulta inviable incluso no curto prazo. A defensa contra o lume non é só cuestión de faixas primarias ou secundarias de defensa, como focaliza a publicidade da Xunta e concello de Vedra. Na defensa contra o lume unha cuestión básica é a ordenación do territorio e dos usos do solo.

A Presidencia replica que non comparte a primeira parte da exposición na que critica ao Sr. Feijoo.

Non cre que o folleto leve á confusión como di o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, e non cre que en Vedra se estea dando tala indiscriminada de frondosas. Cre que o folleto non induce á confusión nin que sexa un problema.

No seu momento haberá que buscar medidas que favorezan outro tipo de cultivos e non só unha roza, que haberá que darlle publicidade, incentivalo, etcétera, pero non está de acordo co primeiro punto do acordo que formula.

Sinala que se retira da moción o punto primeiro, votarán a favor dela, e se non o fai votarán en contra e presentarán nese momento unha emenda só co segundo punto.

O sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE afirma que o seu grupo leu o folleto e pode levar a interpretacións erróneas. Avoga porque se refaga o folleto para que sexa máis claro.

O seu grupo está de acordo co segundo punto, o cal se debateu hai un mes en pleno e o grupo de goberno non estaba de acordo e agora si o está.

Propón engadir un terceiro punto á moción que diga o seguinte: “Instar ao goberno do concello de Vedra e demais grupos políticos á creación do primeiro plan de medidas preventivas mediante a plantación de frondosas caducifolias na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa no concello de Vedra”.

Di que non só rozando as faixas está todo feito, nin modificando a normativa. Así mesmo, cre que co plan que se está a concretar agora, con esta moción e coa que presentou o seu partido hai un meses, se pecharía un círculo que sería moi bo para o concello.

Comunica que o seu grupo votará a favor da moción.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sinala que o que pretende o primeiro punto da moción é poñer de manifesto que a política de defensa contra o lume non é unha cuestión de parches como son esas medidas das franxas de defensa.

Entende que o problema contra os lumes é un tema de ordenación do territorio e da ordenación dos usos dende unha perspectiva rural, non urbana.

O interesa da moción e resolución recae no segundo punto. Pide que o concello acometa as modificacións normativas necesarias, de tal xeito que as plantacións de eucalipto e cultivos enerxéticos só estean permitidas no solo rústico de protección forestal porque así é a súa vocación e como as define a lei do solo.

Afirma que non ten problema en retirar o primeiro punto do acordo.

En canto á proposta do PSdeG-PSOE fai un matiz no punto sexto que coincide coa presentada no pleno anterior polo mesmo grupo político. A loita contra o lume consume en Galicia un millón setecentos mil euros ao ano. O valor das cortas por venda de madeira suman dous millóns seiscentos mil euros ao ano. Galicia, en volume, produce a



metade da madeira ou biomasa leñosa do Estado Español, sen embargo, en termos económicos a repercusión das cortas de madeira en Galicia son menos do 15%. O balance entre os beneficios pola venda de madeira, que son privados, e os gastos no monte, que se socializan, non está de acordo en que se gaste un céntimo máis de cartos de todos na extinción e medidas de prevención contra o lume. Cre que esas políticas o que fan é crear esa economía de burbulla arredor do lume. Finalmente di que acepta as propostas formuladas polo grupo de goberno.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE respóndelle ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que hai un mes apoiou unha moción do PSdeG-PSOE e agora di que está en contra de poñer un euro máis. Para el iso é hipocrísía.

Dille ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que se contradí no que formula no punto sexto da súa moción co que di agora no pleno. Se di que non está disposto a gastar un euro máis dos cartos públicos na extinción contra incendios, non debe poñer na moción que as administracións teñen que favorecer e axudar nesas prácticas.

Repite que están a favor da moción e votarán a favor da mesma aínda que non se queira engadir o terceiro punto no acordo da mesma. O seu grupo seguirá loitando pola moción que presentaron e na que cren, do mesmo xeito que cren no punto que engadiu o concelleiro non adscrito á moción presentada polo PSdeG-PSOE hai un mes.

O seu grupo considera que non só modificando a normativa se vai loitar contra os lumes, nin só limpando as faixas, nin só pedindo cartos ás administracións. É algo global e débese facer un plan forte e potente para Vedra. Lembra que as competencias para limpar os montes e loitar contra os lumes é do goberno local, e pregunta de onde se van sacar os cartos, como se van financiar as brigadas verdes. Non entende como non quere o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que se gaste un euro máis na loita contra os incendios.

Finalmente, anuncia o voto a favor da moción acepten ou non a emenda do PSdeG-PSOE.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que o fomento de actuacións ou prácticas por parte da administración non ten porque ir sempre acompañada de cartos.

Está en desacordo en inxectar cartos públicos en propiedades privadas e discrepa en que teñan que ser as administracións públicas as que teñan que rozar as propiedades privadas. É responsabilidade e obriga das administracións facer cumprir determinadas prácticas, pero non é obriga das administracións costear eses traballos en propiedades privadas.

A Presidencia cre que este debate é un exemplo claro do que no seu momento dixo o grupo de goberno. É un tema que pode levar a moita discusión para chegar a un acordo, pero cre que non se debe facer en pleno; por iso no seu momento o grupo de goberno non estaba de acordo en aprobar iso en pleno, senón que habería que discutilo e falalo antes para tratar de chegar a un acordo antes de levalo a pleno.

Di que van votar a favor do que é o acordo da moción, pero non da parte dispositiva.

Posto a votación o segundo acordo da citada moción, apróbbase por unanimidade dos asistentes.



6º.- Acordo, se procede, sobre moción presentada polo BNG e concelleiro non adscrito, don Roberto Castro Rocamonde, para a recuperación e mellora do poder adquisitivo das persoas pensionistas.

Dáse conta da citada moción na que o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde, expoñen que o tema das pensións concirne ao conxunto da sociedade, e que o noso país é a segunda comunidade coas pensións máis baixas do Estado, cunha media de 740 euros/mes, destacando ademais a fenda entre mulleres e homes.

Sinalan tamén que a situación actual no sistema público de pensións ten dúas causas esenciais, a precariedade laboral (incrementada no caso das mulleres) e un sistema tributario inxusto, xa que cómpre lembrar que durante a crise económica as grandes empresas pasaron de tributar arredor dun 30% a un 16% de impostos, producíndose un maior beneficio para as grandes empresas en detrimento da recadación tributaria, o que nos afasta do concepto de xustiza tributaria garantido no artigo 31 da Constitución.

Os plans de pensións privados son a alternativa á renuncia do Estado a cumprir coa súa obriga de garantir un sistema de pensións xusto e solidario que permita deixar a vida laboral activa cuns ingresos dignos.

O Goberno do PP co apoio do PNV nos orzamentos vende medidas de maquillaxe para solucionar o problema das pensións, mentres establece políticas laborais e fiscais que van directamente en contra do mantemento dun sistema de pensións público: aumento dos anos de cotización, subvencións á contratación precaria (contratos a tempo parcial, eventuais,.etcétera), redución das contías e duración das prestacións por desemprego, etcétera.

Por todo iso, fan súas as reivindicacións do Movemento Galego pola Defensa das Pensións Públicas (MODEPEN), e solicitan ao pleno a aprobación dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao goberno do Estado a que e garanta a revalorización automática das pensións conforme ao IPC, vinculada á suba do custo da vida, garantindo así que os pensionistas non perdan poder adquisitivo nin calidade de vida.

2º.- Instar ao goberno do Estado á derogación do factor de sostibilidade, que entrará en vigor en 2019 e causará un grave prexuízo patrimonial aos pensionistas.

3º.- Instar ao goberno do Estado á rebaixa na idade de xubilación.

4º.- Dar conta destes acordos ao Movemento Galego pola Defensa das Pensións públicas (MODEPEN).

A Presidencia expón que, en principio, se absterán.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que se está a perder o poder adquisitivo , pero que modificaría algún aspecto da moción, propoñendo modificar o punto terceiro, que quedaría redactado do seguinte xeito:

“Instar ao goberno do Estado a revisar a rebaixa na idade de xubilación en función do tipo de actividade que se desempeñe”.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que trae ao Pleno as reivindicacións do MODEPEN que é un movemento transversal, nada partidario e puramente transversal. Ademais dende que se presentou a moción hai tres semanas cambiou a situación ata o extremo de que hai puntos no texto expositivo que xa están atrasados.



A Presidencia manifesta que a exposición de motivos leva sempre unha carga de profundidade importante contra o goberno actual e contra o partido que representa en particular, e coa cal discrepa. Di que o seu grupo vai apoiar os acordos da moción, pero non a exposición de motivos.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE confirma o voto a favor da moción, aínda que é certo que neste momento cambiou a situación e está por ver que sucede coa moción de censura formulada ao Sr. Rajoy.

Sinala que o PSOE sempre defendeu as pensións públicas, mesmo nos perores momentos económicos cando gobernou nunca deixou de achegar cartos ao peto das pensións, que hoxe en día está case baleiro, e vinculounas ao IPC respectando o Pacto de Toledo.

O PP o que fixo foi darlle os cartos aos bancos baleirando o peto das pensións que tiña uns setenta mil millóns de euros e os bancos van quedar a deber uns sesenta mil millóns de euros.

Tamén cre que sería máis axeitado falar de plans de empresa en vez de plans privados. Así mesmo, manifesta que cre que ten que haber un compromiso interxeracional para o mantemento das pensións.

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, contéstalle á Presidencia que a súa discrepancia coas exposicións de motivos é debida a cuestións partidarias.

Respecto do sistema de pensións privado, di que dada a precariedade laboral actual, onde traballar e ter un salario non significa deixar de ser pobre, que lle digan á xente que o futuro son os plans de pensións privados, parécelle moi forte. Entende que eses non son a solución. Cre que é unha forma de desentenderse do tema o goberno do Estado e de favorecer certos intereses económicos, porque pode pasar que despois haxa que rescatalos con cartos públicos como aconteceu con entidades bancarias privadas e outros produtos similares. Ao final socialízanse as perdas cando as hai, pero os beneficios son sempre privados.

A Presidencia contéstalle ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que as súas exposicións de motivos son tan partidarias como as discrepancias del.

Posta a votación a citada moción, apróbase por unanimidade dos asistentes.

7º.- Acordo, se procede, sobre moción presentada polo BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde, para expresar o rexeitamento ao fallo da sentenza xudicial ao grupo de violadores A Manada.

Dáse conta da citada moción na que o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, e o Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA, expoñen que o 7 de xullo de 2016 durante a celebración do San Fermín de Pamplona, cinco homes (autoproclamados como A Manada) violaron a unha moza de 18 anos, furtando posteriormente o seu móbil para evitar que pedise axuda e deixándoa tirada nun portal.

Vinte meses despois, en novembro de 2017, comezou o xuízo perante a Audiencia de Navarra, durante o cal por parte dos maxistrados e da defensa dos acusados, a vítima foi cuestionada, exposta, humillada e xulgada cos argumentos máis machistas, coa contribución incluída de certos medios de comunicación.



A sentenza ditada, por maioría (dous de tres) condena a cada un dos cinco acusados a nove anos de prisión por un delito continuado de abuso sexual, e absolve aos acusados do delito de agresión sexual, ao considerar que non existiu intimidación, aínda que recoñecen que non houbo consentimento da vítima.

Sinalan tamén como preocupante que na nosa sociedade teña cabida un voto particular como o emitido polo maxistrado Ricardo González, que absolve aos acusados de todos os delitos ao considerar que non se apreciou ningún tipo de violencia sexual.

Por todo isto, solicitan a aprobación polo Pleno dos seguintes acordos:

1º.- Manifestar o rexeitamento á sentenza e á interpretación legal realizada polos maxistrados da Audiencia de Navarra, entendendo que si existiu intimidación e, polo tanto, unha violación que debe ser considerada agresión sexual, e non abuso, tal e como se establece nos artigos 178 e seguintes do Código Penal.

2º.- Denunciar o feito de que as mulleres sigan sendo dobremente vítimas: por parte dos agresores e por parte dunhas institucións ausentadas no patriarcado e na criminalización das agredidas.

3º.- Instar ao Goberno e ás Cortes a levar a cabo as políticas e iniciativas lexislativas precisas para equiparar normativamente a ausencia de consentimento á súa negativa no eido dos delitos contra a liberdade e a indemnización sexuais.

4º.- Introducir ou intensificar, nas políticas do noso concello, a perspectiva de xénero para garantir un sistema máis xusto e democrático ás mulleres que residen nel.

5º.- Instaurar medidas reais de empoderamento das mulleres en todos os ámbitos, nomeadamente nas institucións; así como garantir instrumentos de concienciación social que sirvan para educar na igualdade e na liberdade das persoas co fin de rematar coas violencias machistas.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, solicita o voto favorable aos acordos da moción e di que é imprescindible condenar publicamente estas condutas e facer visible o modo de tratar as vítimas e intentar que feitos como este non queden o cultos e silenciados.

A Presidencia anuncia o voto a favor á moción do seu grupo.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que o seu grupo votará a favor. Nestes días viuse nos medios de comunicación como o movemento feminista se botou á rúa para pór de manifesto que o machismo está presente en todas as partes da sociedade, mesmo na carreira xudicial. Por iso cre que é necesario o plan que se acaba de aprobar en pleno. Ademais quere recordar unha moción do seu grupo presentada o vinte e cinco de novembro do ano pasado contra a violencia de xénero na que o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, se abstivo acusándoos de oportunistas. Con ela o que trataba o seu grupo era de solicitar recurso para loitar contra esta lacra.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, recorda que aquela moción foi presentada con motivo do Día da muller, cando se levaba dende a campaña electoral do ano 2015 pelexando porque se fixera efectivo un plan de igualdade. El considerou nese momento que era unha moción oportunista e así o expresou e por iso se abstivo na votación.

Posta a votación a citada moción, apróbase por unanimidade dos asistentes.



8º.- Acordo, se procede, sobre solicitude á Xunta de Galicia para a declaración da Festa do Viño da Ulla como festa de interese turístico de Galicia.

Dáse conta do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia (DOG núm. 12/15, do 20 de xaneiro).

Ao abeiro do mesmo, propónse solicitar a declaración da festa da *Exaltación do Viño da Ulla*, como festa de interese turístico de Galicia.

Posta a votación a citada moción, apróbase por unanimidade dos asistentes.

9º.- Acordo, se procede, sobre adhesión ao protocolo de actuación entre a Xunta e a Fegamp para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa *Concellos Doing Business Galicia*.

Dáse conta do protocolo de actuación asinado con data 10 de outubro de 2017, entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación de iniciativa *Concellos Doing Business Galicia*

O obxecto deste protocolo de actuación é establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa *Concellos Doing Business Galicia*.

A Presidencia sinala que é un acordo entre a Xunta de Galicia e a Fegamp basicamente fundamentado nas modificacións das ordenanzas do IBI, IAE, ICIO para as novas actividades económicas e empresariais ou para aquelas ampliacións que xeren emprego. As bonificacións serían dun 95% cando se creen máis de 20 postos de traballo, do 75% cando sexan entre 11 e 20 postos de traballo, do 50% cando sexan ata 10 postos. Á súa vez ten outra contrapartida, xa que a Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva cara aqueles concellos que aproben este acordo, nas subvencións establecidas nos eidos industriais, de emprego e emprendemento. Só ten beneficios, e non ten ningún prexuízo en todo o que se vén recadando nestes impostos. Por todo isto, solicita o apoio a este acordo.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que o seu grupo vai apoialo porque cre que todo acordo entre a Fegamp e a Xunta de Galicia é positivo. Cre que se non se fai neste concello e o fai o concello do lado, as empresas irán para alí, pero preocúpalle que non haxa solo para implantar esas empresas.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que votará a favor e considera que é unha ocorrencia máis a meses das eleccións. Di que se o grupo de goberno cumprira o seu programa electoral e tiveran modificado o PXOM nestas dúas lexislaturas, terían gañado bastante máis. Cre que as condicións do acordo son bastante irrealis porque hai tempo que non se ve unha creación dunha empresa con vinte postos de traballo e nin sequera con once.

Posto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.



10º.- Acordo, se procede, sobre moción da Confederación Intersindical Galega (C.I.G) en apoio á convocatoria de Folga Xeral para o día 19 de xuño de 2018.

Declárase a urxencia deste punto na orde do día que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da citada moción presentada, na que a Confederación Intersindical Galega (C.I.G) expón que ten convocada unha folga xeral para o vindeiro 19 de xuño, baixo o lema *Sumando Loitas –Sobran razóns. Pola recuperación dos nosos dereitos, na Galiza, emprego, salarios e pensións dignas*

As decisións políticas adoptadas dende o inicio da crise económica téñense demostrado un auténtico roubo e saqueo á clase traballadora e ao conxunto do pobo galego; medra o paro e baixa a poboación activa, sendo a taxa do paro do 15,08%, maior que no ano 2009.

As pensións en Galicia non garanten o poder adquisitivo e a reforma laboral impón pobreza laboral, non hai creación de emprego, hai precariedade, contratos de traballo en condicións escravizantes, a tempo parcial e salarios miserentos que tan sequera chegan ao salario mínimo interprofesional.

Medran os sectores sociais abandonados polas administracións ante os recortes sociais e a privatización dos servizos públicos, de ensino, sanidade, servizos sociais, ..etcétera, criminalizando e encadeando a quen se mobiliza, quen exerce liberdade de expresión, quen defende os dereitos da clase traballadora e quen loita polos dereitos das nacións que integran o Estado Español.

O goberno do Sr. Feijoo non toma iniciativas, someténdose ás políticas de Madrid e Bruxelas, actuando só en favor dos fondos de inversión que acumulan máis riqueza en menos mans lonxe de Galicia, goberno español reforza os recortes nos orzamentos do estado, mentas que as teóricas forzas de esquerda son incapaces de poñerse de acordo para botalos das institucións, e acabar con estas reformas laborais e sociais que tanto dano fan.

Non se pode agardar máis, xa que está en xogo que as novas xeracións vivan en peores condicións que as anteriores, polo que para esixir a derogación das reformas laborais e da negociación colectiva; para conseguir avances reais para as mulleres; para defender as pensións públicas; contra os abusos da patronal, para frear as duras políticas do PP, para acabar cos recortes sociais e a privatización de servizos públicos; para impedir o retroceso nas liberdades democráticas e nos dereitos fundamentais; pola rexeneración democrática; por solidariedade e unidade da clase traballadora e para conquistar o dereito a vivir e traballar dignamente na nosa terra, a CIG solicita a adopción do seguinte acordo:

Manifestar o apoio da Corporación Municipal a estas reivindicacións e animar á veciñanza dos noso concello a apoiar esta Folga Xeral do 19 de xuño de 2018

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA pide o voto a favor porque cre que as circunstancias excepcionais que se están a vivir dan para a convocatoria da folga xeral sobradamente.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE manifesta que polo momento que se está a vivir politicamente, porque pode haber un cambio de goberno, pola falta de consenso con outras forzas sindicais, non cre que sexa o momento e forma axeitados, por iso votarán en contra.



A Presidencia di que o seu grupo está en contra da exposición de motivos e do acordo polo que o seu voto vai ser en contra.

Posto a votación o acordo, rexéitase con dous votos a favor do BNG-AA e o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, e dez votos en contra do PP e do PSdeG-PSOE.

11º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG-AA para solicitar a inmediata dimisión do Presidente do Goberno do Estado Español.

Declárase a urxencia deste punto na orde do día que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da citada moción presentada polo BNG-AA, na que á vista da traxectoria do Sr. Rajoy, Presidente dun Goberno con varios ministros reprobados pola cámara, un ex-ministro do interior cunha comisión de investigación aberta por utilizar a policía para espiar partidos políticos no seu propio beneficio, dun partido político con 65 tramas abertas en corrupción, ser o primeiro partido político da historia do Estado cunha sentenza firme, como participe a título lucrativo, estando obrigado a devolver 245.492,80 euros, e o primeiro da democracia imputado por destruír probas.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, expón que en defensa de niveis democráticos mínimos e pola responsabilidade dos cargos públicos, considera que a moción debería converterse nunha declaración institucional.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE, expón que o Presidente non pode neste momento presentar a dimisión pola moción de censura, co cal non ten sentido a moción redactada deste xeito.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA quere agradecer que lle permitiran traer esta moción a pleno. Di que a motivación da moción, máis alá do que está escrito, e o interese que ten en poñer ao grupo de goberno en pé de igualdade cos seus xefes e co seu propio partido, demostrarlles aos veciños que realmente o PP é unha estrutura monolítica e que ten un férreo apoio á estrutura de depredación da que participan xunto co goberno central do país.

Di que cando o grupo de goberno gañou esta alcaldía, escandalizábanse cos casos de corrupción do PSOE e viñan coa idea de limpar todo iso.

A situación é de estrés democrático. Hai un presidente que intercambiou mensaxes cun delincente, sabendo que o era; que fixo unha amnistía fiscal que foi tombada xudicialmente porque se branqueaban cartos de delincentes; expresidentes da Xunta de Galicia vinculados ao narcotráfico, etcétera.

Sinala que Galicia é a cuarta comunidade en España en casos de corrupción. O que lle ten custado a Galicia o PP son cen mil novecientos corenta millóns de euros. O que lle ten custado ao Estado o PP en corrupción son cento vinte e dous mil millóns de euros. O que custou a corrupción en xeral son douscentos catro mil millóns de euros. Con eses cartos poderían pagarse dúas veces as pensións, sete anos de débeda pública, nove anos de desemprego, cincuenta e un anos de sanidade, etcétera.

Someteron a un proceso de depredación ao estado e ao país e son partícipes da mesma, por iso lle interesa mostrarlles aos veciños como son realmente a doce meses das eleccións e por iso solicita o voto a favor da moción.



A Presidencia resposta que está claro que non lle ten moita simpatía ao PP dende Rajoy ata o grupo de goberno sorpréndelle o tema das cifras. Se por casos de corrupción fala do rescate bancario, amnistía fiscal, etcétera pode ser que dea esas cifras.

É consciente de que iso sae pola sentenza do caso Gürtel.

Manifesta que esas condutas son para avergoñarse todos. Calquera político ou dirixente político, e no seu caso por referirse ao seu partido, séntese avergoñado. Se quere dicirille aos veciños que o Alcalde de Vedra é corrupto, é un problema seu. Ao Alcalde o que lle corresponde é pedir desculpas e perdón por eses feitos e desexar que non volvan suceder.

Cre que os membros dos partidos que están na base, os que poñen cartos, coche, tempo, etcétera, son aos que máis lles desgustan esas condutas, independentemente do partido político que sexan.

Di que sempre manifestou que as institucións e os partidos non son corruptos, senón que o son as persoas; e ten o convencemento da honradez de todos os cargos e militantes de todos os partidos políticos en xeral.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA di que a nivel persoal non ten nada que dicir de ningún dos membros desta corporación. El non dixo que foran corruptos. O que dixo é que mantiñan coa súa actitude un partido corrupto. Nas posicións políticas de esquerda cando estas cousas suceden, dimiten ou vanse do partido.

Di que se non apoian a moción, danlle pé a que coa súa actitude se manteña unha estrutura de depredación, que é o que sucedeu estes doce anos como nunca antes se coñecera no país.

A Presidencia afirma que condenaron ao partido por unha responsabilidade civil, a título lucrativo, en relación a uns feitos concretos en dous concellos concretos de Madrid. A nivel persoal ten a súa mellor consideración persoal de todos os membros do pleno e cónstalle que ao revés tamén é así.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que dadas as circunstancias que están a suceder no Congreso dos Deputados, a ver en que queda o asunto.

Cre que a dimisión xa tiña que terse producido hai moito tempo. Así mesmo, está abraiada de que a Presidencia defenda en pleno o que é indefendible agora que hai unha sentenza en firme. Cre que se lle pedirán non seu momento responsabilidades ao PP non se tería chegado a esta situación.

Por outro lado, manifesta a súa indignación coa desafección que a poboación ten con a clase política en xeral, debido a condutas como esas.

Anuncia o voto a favor do seu grupo e espera que prospere a moción de censura formulada e que haxa un cambio de goberno e rumbo no país.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que a Presidencia non fixo ningunha mención á exposición de motivos na que están probados os nove puntos da mesma. Ante eses feitos só caben dúas posibilidades: ou avalar iso ou repudialo. Cre que de pouco vale dicir que o senten moito, que son casos illados, pedir desculpas a ver se pasa a treboada e seguir do mesmo xeito.

Por este motivo formulou na comisión informativa a petición de elevar isto a declaracións institucional. Cre que se realmente están contrariados con este tema, se



renegan desta situación, se queren que esta corrupción sistémica non se volva repetir, ten o grupo de goberno unha ocasión valiosa para elevar isto a declaración institucional. Afirma que persoalmente cre que a Presidencia é boa persoa, pero que en Vedra o seu grupo político e a Presidencia son os últimos cargos públicos dunha estrutura corrupta. Por outro lado, a sentenza di que se artellou un sistema de corrupción estrutural do cal se beneficiou o PP, e sabe que se non foi condenado desde o punto de vista penal é porque esa reforma do código penal é do ano 2010 e os feitos que se sentenciaron son anteriores.

Gustaríalle escoitar a opinión ou posición do resto dos membros do grupo de goberno.

Posta a votación da citada moción, prodúcese un empate con seis votos a favor do BNG-AA, PSdeG-PSOE e o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, e seis votos en contra do PP. Repítese a votación e rexéitase a mesma co voto de calidade da Presidencia.

12.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ás subvencións para o arranxo de vivendas nas parroquias por onde pasa o Camiño de Santiago e se a parroquia de San Xián está incluída no mesmo di que no PXOM vén marcada a entrada pola Gándara, e entende que pode coller algún tramo de monte de San Xián. En calquera caso, que teñan incluída á parroquia de San Xián, por agora é unha boa noticia.

Di que el falou con Patrimonio e co Xacobeo e informáronlle que ata que se delimite oficialmente o Camiño non se pode facer nada no PXOM en relación ao Camiño de Santiago e cre que aínda queda moito para que o delimiten oficialmente.

2º.- Respecto á instalación dos defibriladores nos puntos que se aprobaron en Pleno, contesta que quedarán instalados no mes de xuño a través do proxecto “Salvavidas”, a través do cal os solicitaron, así como a formación a oito persoas para o seu uso adecuado.

3º.- Respecto á limpeza das casas de cultura responde que terá unha xuntanza cos usuarios das distintas casas de cultura para tratar este tema.

--Ás preguntas do Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o Plan de Igualdade que xa está aprobado dende hoxe e o de defensa contra os incendios está en fase de corrección do borrador e conta de que en xuño vaia a pleno.

2º.- Respecto aso rogos referentes ao arranxo de beirarrúa en Marzán de Abaixo, dos arredores do campo de fútbol de Vedra e da limpeza de pontes, cunetas e lavadoiros, di que xa tomaron nota dos mesmos.

3º.- Respecto o convenio de colaboración coa Xunta de Galicia en materia de prevención e extinción de incendios responde que é un convenio asinado o 28/06/2016. Neste momento está en vigor e están a expensas de firmar un novo agora en xuño.

4º.- Sobre a intranet na páxina web municipal, di que para el non toca agora este tema e que se falará máis para adiante.

5º.- Respecto ás pintadas singulares no vagón de tren situado en Santa Cruz, di que son graffitis e que están traballando para integralos no proxecto porque cre que é a mellor solución.



6º.- Sobre os arranxos nos locais dos partidos políticos responde que nos próximos días terá unha xuntanza para tratar esas cuestións todas.

7º.- Respecto á porcentaxe executada de abastecemento e saneamento responde que non ten eses datos neste momento.

--Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia responde:

1º.- Respecto á modificación do prego de prescricións técnicas nas páxinas 48 e 49 relativas ás características das luminarias, responde que ante as preguntas xurídicas formuladas polos distintos licitadores, na enxeñería que fai o asesoramento técnico foron facendo as aclaracións oportunas e publicándose para o público coñecemento no perfil do contratante.

En canto á iluminación das festas, non forman parte do contrato, porque cando os licitadores falan diso, falan das luminarias ornamentais, non de corrente ou de potencia. Iso está pensado para concellos con festas patronais organizadas por eles mesmos ou con centros de moito comercio en épocas como pode ser no Nadal; e para Vedra non era factible esa cuestión.

No que se refire ao consumo e incremento de potencia di que non suporá ningún problema. Unha vez que estea todo feito e as distintas asociacións, comisións de festas, etcétera que contratan para os seus festexos con diferentes electricistas, o único é que non poden conectar directamente eles á rede e terán que facelo a través da adxudicataria.

2º.- Sobre a avaría no campo de fútbol de San Mamede, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP que contesta que dende o club informáronlle que realmente non é como expón na pregunta. Segundo informacións facilitadas dende o club, estiveron sen luz nunha das torres e a súa preocupación era que tiveran que suspender algúns dos encontros previstos, cousa que non sucedeu. Por outra parte, fa empresa de mantemento coméntalle que foi unha avaría na que tiveron que baleirar os focos que estaban cheos de auga, pedir as lámpadas, que polas súas características especiais tardan días en subministralas e por iso se atrasou un pouco máis a reparación.

Intervén a Presidencia para dicir que hai un proxecto técnico axeitado a unha subvención para cambiar a iluminación dese campo e solucionar ese tipo de problemas dun xeito definitivo.

3º.- Respecto ao proxecto de fusión das escolas deportivas do CD San Mamed e a E.D. Val do Ulla, a Presidencia contesta que é un tema que xa se falara hai uns anos e non se puidera levar a cabo. En reunións posteriores todas as partes eran conscientes de que non había na comarca rapaces e rapazas suficientes para manter esa estrutura de dúas escolas deportivas, xa que se necesitan arredor de quince/vinte rapaces por equipo e é complicado. Ou se traballaba de forma conxunta ou estaban condenadas a desaparecer. Intuíuse que a iniciativa tiña que partir do concello para que fose viable. A pretensión é unha escola deportiva única en categorías de base e formación dende biberóns ata xuvenís. Os dous clubs non terían categorías de base e a nova escola non pode ter categorías superiores.

A idea é comezar na tempada 2018/19 e crear unha estrutura deportiva aberta a que o día de mañá poida abranguer categorías inferiores doutros deportes.

Ten que ser un club novo e a fórmula máis lóxica é que ten que ser un club deportivo cuxa directiva sexa a mestura das directivas dos dous clubs de orixe.

Por outro lado, os clubs queren que o concello participe na directiva, o cal non ten maior problema, en calquera cargo, aínda que fose nun posto de vocal. Suxiren que sexa a



presidencia do mesmo, pero nestes momentos descoñece se iso é posible ou non. En calquera caso, o lóxico sería que fose o concelleiro de deportes, independentemente de quen governe no concello.

Agora mesmo están cos papeis e o outro día tiveron unha reunión coa federación para que lles facilitasen a información pertinente.

4º.- Sobre se a marca “Tabernas da Ulla” é propiedade do concello ou foi apropiada pola Asociación Casa dos peóns, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro do PP que di que a marca Tabernas da Ulla foi unha iniciativa creada por a Casa dos peóns pra a dinamización dos establecementos hostaleiros do concello.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se o concello estaría utilizando unha marca que é propiedade dunha asociación.

O Sr. Costa Carneiro do PP di que hai unhas lexislaturas antes de gobernar o seu partido, creouse unha asociación para a promoción e dinamización do sector turístico, da que forman parte empresarios e concello. Unha das iniciativas que propuxeron os técnicos foi a creación dunha marca que logo se desenvolveu.

5º.- Respecto ao peche das fincas afectadas pola ampliación da estrada en Sarandón, a Presidencia responde que entende que cumpren coa altura e que a maior parte deles son muros de contención, aínda que poida que sexan mellorables.

6º.- Sobre a responsabilidade no tema da contratación dos traballos do arquivo polos que se pagou 7.500 € con cartos de todos por un mesde traballo, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP que di que sobre este tema xa se falou bastante e xa o dá por contestado.

7º.- Respecto á solicitude dunha subvención para promoción do uso da lingua galega para dinamización lingüística, a Presidencia volve cederlle a palabra ao Sr. Vázquez Matínez do PP que di que cando se solicita algunha subvención faise coas mellores intencións tanto a nivel técnico como político.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA a Presidencia contesta:

1º.- Sobre cal é o motivo polo que o PP votou en contra da investigación no Tribunal de Contas no Parlamento Galego da contratación dos traballos do arquivo municipal, a Presidencia di que non lle corresponde a el contestala, e en calquera caso sería porque non atoparon motivos para facelo.

2º.- Respecto á cesión de vías por parte da Deputación, a Presidencia contesta que se volveu reunir coas técnicas da Deputación e que lle comentaron que aínda non se iniciou e que aquelas que non levan cargas onerosas vai ser máis fácil que o fagan, cós que si as levan. Tamén quedaron ter unha xuntanza co deputado de vías e obras para aclarar estes temas.

3º.- Sobre o motivo polo que a FAEPAC publicou que farán ou fixeron a citada auditoría, a Presidencia di que o descoñece e que dende logo o concello non lle encargou iso nin llo van encargar.

4º.- Respecto á colocación de caixas de correo nos locais dos grupos políticos para que os veciños poidan contactar con eles di que non vai haber problema e por iso quere ter a xuntanza nestes días para ver eses temas todos no local.

5º.- Sobre os pregos de condicións, que posteriormente modificaron esas condicións; ese prego debe volver outra vez a Pleno para a súa aprobación e se pode modificar por fóra a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Secretario que di que os interesados nese tema, que eran as empresas, en principio non fixeron ningunhas alegacións ao respecto. Entende que non houbo ningunha modificación de fondo. Para el é un tema que pode



ser un tanto subxectivo e pode haber diferentes opinións sobre unhas cuestións ou outras e as partes interesadas non puxeron reparo algún.

13º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE pregunta:

1º.- Respecto dos desfibriladores a instalar nos lugares acordados, di que hoxe falou co presidente do CD. San Mamed e lle comentou que estaban esperando porque a Federación Galega de Fútbol tiña pensado instalalos e parece ser que iso está parado. Roga que se instalen canto antes.

2º.- Que está a pasar coa brigada verde? Cantos traballadores ten actualmente? Xa viu varias veces a unha empresa privada limpando certas zonas do concello, como no espazo da Susana, e os veciños de Vedra e San Pedro quéixanse de que as fontes públicas non están accesibles. Os muíños de Vilanova teñen herba no tellado e é un espazo ao que vai xente facer rutas de sendeirismo e pódense vir abaixo en calquera momento. Pregunta se teñen pensado acometer unha limpeza xeral dos mesmos, se a brigada verde conta con algunha subvención e se teñen pensado contratar a alguén.

--O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE pregunta:

1º.- Vaillle dar uns datos ao grupo de goberno: catro quilómetros de abastecemento, catro quilómetros de saneamento, cambiar unha vez máis os dous céspedes dos campos de fútbol, poderían facer doce pistas no pavillón municipal, o orzamento da Xunta de Galicia para a ampliación do CPI de Vedra é de 350.000 euros; mercar un montón de desfibriladores, rematar o campo de fútbol de Vedra. Todo iso poderíase facer con 415.000 euros.

Esa cifra é a que se vai gastar en 950 m. nun tramo de estrada no que se vai facer un itinerario peonil e ciclista en San Mamede.

Son 415.000 euros dos fondos FEDER (Fondos europeos de desenvolvemento do rural). Rural no que non hai os servizos mínimos e o grupo de goberno vai poñer un carril bici nunha recta en San Mamede. Pregunta cal é a motivación desa obra.

Di que sae o metro a 440 €, e pregunta de que material vai ser a senda peonil.

Di que lle amola que se gasten eses cartos en algo que non é unha necesidade básica no concello, cando non hai un sistema de saneamento e abastecemento nin sequera na capital do concello, non están as pistas como deberían, ou non está a totalidade da iluminación pública a funcionar.

Pregunta cal é a motivación desa obra para gastar case medio millón de euros nun tramo de 950 m.

2º.- Houbo un incendio en Trobe detrás do bar A Dorna. Pregunta por que ese incendio, que aconteceu. Dende a oposición téndenlle unha man para combater os incendios.

3º.- Solicita que se aumente a partida orzamentaria para as distintas asociacións do concello e que se lle dea máis publicidade ás distintas subvencións para as asociacións.

4º.- Cónstalle que se están realizando actividades do concello na Casa da Irmandade de Vedra, o que supuxo un elevado custe do gasto de corrente. A directiva falou cos concelleiros para chegar a un acordo para abonar eses gastos a maiores. Solicita un compromiso por escrito de tal acordo.

5º.- Reitera o tema da intranet na páxina web do concello aínda que a Presidencia considere que non é o momento. Di que calquera momento é bo para ter acceso á información.



6º.- No pleno do mes pasado preguntou canto custou volver pintar o vagón de tren, porque lle consta que se pintou varias veces. Reitera a pregunta sobre o custe dos pintados do vagón.

O de integrar os graffitis no proxecto é unha proposta que se valoraba dende o PSdeG-PSOE, poder sacar a concurso que os grafiteiros da zona fixeran un graffiti no vagón do tren con motivos da zona.

7º.- Respecto á pregunta formulada sobre o abastecemento e saneamento, dille á Presidencia que a responda cando queira.

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Respecto ás obras feitas no antigo campo de fútbol de Vedra, están recoñecidos unha serie de defectos na pista, como se recoñeceu no pleno anterior, e non se lle deu solución. Solicita que se resolvan.

2º.- Respecto ao gasto de 415.000 € en botar formigón a unha cuneta á que lle chaman senda peonil e ciclista, contradíse co que dixo en pleno a Presidencia “convitando aos veciños a limpar as cunetas e as cousas non son gratis”. Cre que ao mellor é difícil de comprender para a veciñanza.

Non entra a valorar co que se podería face con eses 415.000 €, a necesidade ou prioridade desa actuación en concreto, no tramo de estrada no que se vai actuar é o que menos perigo ten ao tratarse dunha recta e é onde máis fácil de facer a obra. Cre que é para ganancia da empresa correspondente, e estima que o custe desa actuación pode ser a quinta parte do orzamento.

Parece que as outras cuartas partes están destinadas a alimentar esas caixas B que levan a onde levan.

3º.- Respecto da parcela dotacional de 6.000 m² en Xián xunto á nave do concello, que se consideraba pública e que dun xeito estraño pasou a mans privadas, hai un ano o asesor xurídico do concello estaba intentando revertir esa situación coa rexistradora da propiedade e parece ser que as negociacións foron infrutuosas.

Pregunta se o asunto está no xulgado, se conseguiron notificar a ese propietario descoñecido, que nalgún tempo non foi tan descoñecido, e quere saber como está o procedemento de recuperación dese ben para o dominio público.

A aparencia do caso seméllase bastante ao caso Marcelino2, a finca en San Miguel, na cal unha finca da parroquia que era unha masa común de concentración parcelaria na que se fixeran investimentos públicos e na que por desinterese ou intereses contrapostos pasou a mans privadas.

Sábese que o concello leva investidos entre oitenta e cen mil euros alí espera que non pase o mesmo con esta, que para recuperala haxa que mercala.

3º.- En canto á defensa contra o lume, xa que o goberno defende as medidas propostas na Lei 3/2017 de incendios, e que hai actuacións que tiñan que estar feitas a 31/05/2018, lémbrolla e pídelo á Presidencia que as acometa no parque empresarial e nos terreos do Mirador de Sales, xa como medidas urxentes. Entende que si ten o concello as competencias para executalo a costa do propietario, que non é o concello en ningún dos dous casos.

4º.- Recórdalle á concelleira de obras que hai case un ano votou a favor dunha moción na que se instaba a acometer unha serie de melloras nas infraestruturas para a mellora da seguridade viaria dos ciclistas nas estradas de Vedra.

Nas estradas municipais non se fixo nada, e nas doutras administracións tampouco. Nas municipais non lle pode botar a culpa a ninguén, e nas doutras administracións non sabe se instaron para facer esas actuacións. Dado que hai unhas semanas apareceu nunha foto



na estrada AC-241 con cargos da Xunta de Galicia, gustaríalle saber se lles preguntou que foi desas medidas, se teñen previsto executalas e cando.

5º.- A concelleira da muller, dona Margarita Devesa, na súa calidade de vicepresidenta da Asociación de amigos da camelia, consta que dita asociación organizadora das Xornadas arredor da camelia, cobrou máis de douscentos euros por esas xornadas.

Pregunta se esas actuacións son como parte da asociación, que sería quen as tería que remunerar en todo caso, ou como xustifica e explica a que se deben eses pagos.

6º.- Respecto da escola de fútbol entende que realizarán unha organización e uns estatutos non ao abeiro ou copiados desas asociacións instrumentais para a captación de subvencións. Xa que vai participar o concello na mesma, pregunta se eses estatutos terán que ser aprobados en pleno, se se vai aprobar unha ordenanza e se van ser públicas as contas da escola, como ente municipal.

7º.- Pregunta en que concepto cobrou a FAEPAC varios miles de euros se como di a Alcaldía non se fixo auditoría ningunha.

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA pregunta:

1º.- Recibiu un informe sobre a legalidade da execución do sistema xeral adscrito ao solo urbanizable non delimitado no SUND-4 executado polo concello de Vedra, enviado polo avogado do concello, o Sr. Roibás. Volve solicitar a mesma información que solicitou no seu momento porque non existe argumentación xurídica que xustifique cal é o motivo de que a instalación que poida acometer o concello que afecta aos veciños, sexa pagada polo polígono.

O que figura no informe é unha serie de xustificacións xurídicas de que o concello ten dereito a acometer esa obra. O problema é quen a paga. Porque ten que pagala quen legalmente o ten que facer, que é o polígono. Esa obra é un sistema de depuración que dentro do PXOM ten que pagala o polígono.

Por iso, volve solicitar a documentación legal de cal é o motivo polo que teñen que pagala os veciños e non o polígono.

2º.- Sinala que non contestaron á pregunta formulada no último pleno referente a se non sería necesario someter a votación de novo a modificación substancial das bases do concurso de subministro de iluminación pública, polo tanto anular o actual concurso e iniciar o proceso de novo.

O Sr. Secretario di que si contestou. Que as partes interesadas non alegaron nada en contra. Expúxose no portal correspondente e as empresas non alegaron nada en contra de que se tramitase dese xeito. Por outra parte, en canto a se son cuestións substanciais ou non, cre que non o son. Entende que as modificacións ou non modificacións é unha cuestión subxectiva e interpretable.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA solicita que se lle comunique cal é o organismo preceptivo para denunciar esta situación.

3º.- No tema dos graffitis recoméndalles que fagan como en Ferrol, que deixen un espazo en branco e se teñen sorte e Bansky fai un. Ese graffiti valería máis ca todo Santa Cruz.

4º.- Solicita que se consulte de novo cal é o motivo polo que o PP se negou a estudar no consello de contas a contratación dos traballos no arquivo municipal.

5º.- Solicita que publiquen unha nota dicindo que non é certo o que publicou a FAEPAC e que o concello non lle vai pagar nada.

6º.- Solicita o orzamento e proxecto do vial ciclista para poder comprobar en que se empregan case medio millón de euros en 950 m.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Conclúe ao fío das doce menos cinco horas.